



## Concello de Xermade

### MEMORIA DA ALCALDÍA

#### 1.- Marco normativo e competencial.

Tendo en conta a natureza das actuacións, estamos ante un contrato administrativo de servizos regulado no art. 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada polas competencias en materia de mantemento e conservación de bens que a normativa lle atribúe aos concellos.

O Concello de Xermade ostenta competencias en materia de conservación e mantemento dos seus bens no seu termo municipal, de conformidade coa seguinte normativa:

A) O artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local establece:

*1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.*

Os inmobles obxecto do presente contrato son necesarios para o exercicio das competencias que a normativa sectorial estatal e autonómica lle atribúe ao municipio de Xermade: en materia educativa (CEIP de Xermade), cultural (biblioteca e Casa do Médico) e deportiva (pavillón de deportes), administración (Casa do Concello) e servizos básicos (nave parque empresarial).

#### 2.- Insuficiencia de medios.

O Concello de Xermade non conta na súa plantilla con persoal de limpeza de locais, polo tanto non pode prestar este servizo con medios propios. A limitación da taxa de reposición de efectivos por parte das diversas leis de orzamentos xerais do Estado dende o ano 2011 impide que os municipios podan crear novas prazas para a cobertura de necesidades básicas, motivo polo cal nos vemos obrigados a acudir a un contrato de servizos.

#### 3.- Non división en lotes.

O obxecto do contrato non é susceptible de dividirse en lotes.

Tendo en conta a natureza do contrato, ao tratarse dun único servizo a prestar en varias instalacións, todas elas sitas na capital do municipio, non resulta procedente a realización independente do mesmo, xa que iso dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico.

#### 4.- Xustificación do orzamento base de licitación.

De conformidade co indicado no artigo 100 da LCSP:

«Artigo 100. Orzamento base de licitación.

*1. Aos efectos desta Lei, por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, agás disposición en contrario.*

*2. No momento de elaboralo, os órganos de contratación coidarán de que o orzamento base de licitación sexa adecuado aos prezos do mercado. Para ese efecto, o orzamento base de licitación desagregarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de*





## Concello de Xermade

*licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.»*

De conformidade coas frecuencias indicadas na proposta de prego de prescricións técnicas, as horas máximas anuais ascenden a 1.890, de xeito que o promedio de horas semanais é de 36,35.

O groso dos custes tidos en conta para calcular o orzamento base de licitación ven representado polos custes laborais, que veñen definidos no convenio colectivo do sector na provincia de Lugo, publicado no BOP nº 110 en data 13/05/2024.

O cálculo dos custes ten en conta os seguintes conceptos:

1.1.- Salario dun/ha limpador/a para o ano 2024 (segundo convenio limpeza Lugo, BOP 110, 13/05/2024): 15.016,08 euros/ano (39 horas semanais)

Custes sociais (32,80%): 4.925,27 euros

Total: 19.941,35 euros

Segundo a listaxe de persoal a subrogar presentada pola actual adxudicataria, é preciso contar con 2 traballadores/as cunha xornada de 20 horas/semanais e 22 horas/semanais, respectivamente, o que supón un custe de persoal de:

Salarios: 17319,27 euros

Custes sociais (32,80%): euros

Total custe persoal: 22.999,99 euros

2.- Custes indirectos:

Gastos xerais (2%): 460,00 euros

Beneficio (5%): 1.150,00 euros

**Orzamento base de licitación: 24.609,99 euros**

IVE 21%: 5.168,10 euros

**Total: 29.778,09 euros**

**Prezo/hora sen IVE: 13,02 euros**

**Prezo/hora con IVE: 15,75 euros**

A execución do contrato desde un punto de vista financeiro está garantida, xa que é financiado con fondos propios. Existe crédito axeitado e suficiente na aplicación 920.227 por importe de 7.444,52 euros no orzamento do 2024 para facer fronte ao último trimestre do ano. Debe dotarse o crédito correspondente ao exercicio 2025 (29.778,09 euros) nos vindeiros orzamentos.

### 5.- Elección do procedemento.

Visto que o valor estimado ascende a contía de 83.673,96 euros (IVE excluído), e dado que se prevé un prazo de duración de dous (2) anos prorrogable por un (1) ano máis, ata un máximo de tres (3) anos, estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP) e tramitación ordinaria.

Os criterios de adxudicación propostos son cuantificables de forma automática: prezo (máximo 7 puntos) e bolsa de horas gratuitas (máximo 3 puntos).





## Concello de Xermade

---

Con respecto ás condicións especiais de execución do contrato, ao tratarse dun contrato de servizos, ao abeiro do art. 202 da Lei 9/2017, considerase conveniente ter en conta consideracións de tipo social:

1ª. Cumprimento do convenio colectivo aplicable: o adxudicatario, ademais de cumprir, respecto dos traballadores/as vinculados/as á execución do contrato, as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en material laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo, deberá cumprir o convenio colectivo aplicable, abonando, en todo cao, alomenos o salario recollido no mesmo segundo a categoría profesional que lle corresponde á/ao traballador/a.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Xermade é a Alcaldía, posto que o valor estimado do contrato (83.673,96€) non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento do 2024 (196.449,29€) nin o importe do procedemento aberto simplificado nos contratos de obras (art. 159 LCSP).

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 2023-0286 o 27 de xuño (BOP n.º 157 do 10/07/2023), o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

O que asino en Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas

